

Dinámicas e técnicas grupais aplicadas á normalización lingüística

Programa

No traballo de normalización e dinamización lingüística encontrámonos coa necesidade de traballar con grupos. De certo, as posibilidades de normalización social da lingua ábrese principalmente no seo dos grupos e no seu traballo con eles, pois é na relación entre os membros, ao considerarmos o grupo como un todo interdependente, e na interrelación grupal, onde se pode xerar consciencia e compromiso lingüístico. Así, resulta de grande interese, e aínda necesario, coñecer o seu funcionamento e a súa estrutura á hora de desenvolver un traballo con grupos de identidade ou grupos organizacionais diversos e poder dar cos fíos que moven e manexan os grupos. Na actualidade, a psicoloxía e a socioloxía desde distintos ámbitos intentaron achegarse ao mundo dos grupos, aparecendo estudos diversos que intentan abranguer a heteroxeneidade da realidade grupal. Valerémonos destes estudos para adentrarnos no estudo e coñecemento desta realidade a través de técnicas e dinámicas diferentes.

Os **obxectivos** do curso son:

- Comprender a importancia que a dinámica de grupos pode ter no proceso de normalización social da lingua.
- Reflexionar sobre o fenómeno grupal como unha realidade complexa na que entran en xogo unha multiplicidade de factores e elementos.
- Facer un achegamento práctico á realidade grupal a través de técnicas e dinámicas de grupo.
- Coñecer ferramentas e técnicas diversas para o manexo de grupos.
- Vivir unha experiencia grupal a través dun grupo de formación.

Contidos: A continuación deseñamos os contidos que pretendemos abranguer nas dúas sesións de que consta o curso. Na primeira sesión, o traballo xirará arredor do concepto de grupo ata ir coñecendo as súas funcións, as distintas etapas pola que atravesamos un grupo e as súas características principais. Na segunda sesión coñeceremos as técnicas e dinámicas máis importantes para o traballo con grupos.

1. O GRUPO

- a. FUNCIONES
- b. ETAPAS
- c. TIPOLOXÍA GRUPAL
- d. CARACTERÍSTICAS

2. DINÁMICAS E TÉCNICAS DE GRUPO

- a. DINÁMICAS DE GRUPO
- b. TÉCNICAS DE GRUPO
 - i. TÉCNICAS DE INICIACIÓN GRUPAL
 - ii. TÉCNICAS DE PRODUCCIÓN GRUPAL
 - iii. TÉCNICAS DE AVALIACIÓN GRUPAL

Duración

16 horas

Lugar e datas

Santiago de Compostela, 8 e 9 de novembro de 2004 (1ª edición).

Santiago de Compostela, 7 e 8 de novembro de 2005 (2ª edición).

Profesor

Xulio Noia Liste, sociolingüista e dinamizador sociocultural